

COMISIÓN SEGUIMIENTO POLÍTICA SOCIAL

Santiago de Compostela 21/12/23

CARTELEIRAS

- ✚ Creación de 129 postos, sen prexuízo de crear máis en xaneiro como resultado da análise que se realice da carteleiras. Pasan 139 postos a xornada completa, pasan todos aqueles que presten a súa conformidade.
- ✚ **Falta** que nos remitan o **aumento de persoal do Consorcio**, probablemente envíen venres 22.
- ✚ As presencias se respectan, con algunha mínima variación a máis ou menos puntual, serán axustes que se analizarán na subcomisión.
- ✚ A partir **do 8 de xaneiro comeza a negociación en Xefaturas Territoriais e se aplican a partir do 1 de febreiro**.
- ✚ As **incidencias** que xurdan elevaranse á **Subcomisión de carteleiras** e as que cumbran co Acordo asinaranse nas Xefaturas.
- ✚ Reiteran que compren os **criterios do Acordo** de 2 noites consecutivas como máximo, 5 días consecutivos como máximo e 60% dos fins de semana, cuestión que indica é excepcional.

CONVERSIÓN DE PRAZAS A XORNADA COMPLETA

- ✚ Conversión de carácter voluntario, ofértase e faise addenda no contrato de ser aceptada.
- ✚ Entran en vigor o 1 de febreiro coas novas carteleiras.
- ✚ O persoal de fin de semana laboral fixo que rexeite, continua igual e cando quede vacante a praza pasará a xornada completa.

UGT manifesta que:

- ✚ Os **incrementos de persoal son de mínimos** e que esperan a ver as carteleiras para valorar as necesidades que poideran xurdir.
- ✚ Que **falta por converter prazas de xornada parcial** pendentes do resultado da subcomisión que estude a **intersustitución ou itenerancia** (exemplo: **residencias de tempo libre**).
- ✚ Ao respecto dos **niveis**, estando a favor dos propostos, segue a faltar o desenvolvemento dos compromisos acadados con **UGT** o 21 e xuño do 2021 e que non supoñían incremento de coste, como o persoal subalterno e outros supostos, así como o tratamento diferenciado do persoal de menores, coordinacións de enfermería e subdireccións.

